

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 15 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2019, co obxecto de coñecer a lingua dese país.*

BDNS (Identif.): 435923.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, cento corenta e dúas (142) axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2019, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 142.000 euros.

A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 14 de marzo de 2019.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

